

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 14/11/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14/11/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07 de novembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/3840

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar a seguinte sinalización para facilitar a visibilidade na incorporación da Travesía da Fonte á Rúa Pablo Picasso:

- Á altura no nº 14 da Rúa Pablo Picasso pintar unha cadricula amarela na saída do vao, que abarque dende o cruce con Tv. da Fonte a alo menos 1 m. mais do rebaxo existente cara o nº 16.
- Áo pasar o paso de peons existente fronte ao nº 13, na marxe dereita, colocar un sinal de estacionamento exclusivo para turismo, evitando así o estacionamento de camións e outros vehículos de maior tamaño que dificultan a visibilidade.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2022/3867

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Ana García Agra, solicitando autorización para poñer música ambiental na terraza do establecemento Bar la Perla, na Rúa Ramón y Cajal nº16 o día 19 de novembro de 2022, en horario de 12:00 a 20:00 horas, con motivo dunha celebración.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/3875

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda a adhesión institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa ao programa anual Vilas en Flor Galicia 2022, así como a cota anual correspondente ao presente exercicio a favor de Fundación Juana de Vega, por un importe de 302,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.489.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3907

Dáse conta do escrito presentado pola Federación Galega de Medio Ambiente e Asociación Vento Noso, solicitando autorización para instalar dous Stands móbiles na Feira do martes 22 de novembro de 2022, entre as 10:00 e as 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Deberán poñerse en contacto co Xefe do Servizo de Mercados aos efectos de que lles indique a situación exacta dos stands e as condicións dos mesmos.

PRP2022/3912

Dáse conta do escrito presentado por Alcohólicos Rehabilitados Arousa (AREVA), solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 15 de novembro, en horario de 10 a 13:00 horas, así como a instalación dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso

- de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
 - Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
 - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
 - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/3929

Dáse conta do escrito de Don José Justich Pereira, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas de un metro, nas proximidades da Glorieta da Porta da Luz Salgada, durante a tempada de outono.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización con carácter de precario, en A Florida (ao lado da carnicería) debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá contar con unha póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados.

PRP2022/3991

Dáse conta de escrito remitido pola Valedora do Pobo en relación con queixa presentada por D. Antonio Paz Mouriño por molestias de ruídos causados polo Establecemento "Bar Flexi), así como pola situación dunha mesa fronte á porta de acceso do seu domicilio e instalación de música ambiental no local.

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con varios expedientes de denuncia do citado establecemento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe emitido pola Policía Local á Valedora do Pobo.

PRP2022/3992

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Calefacciones Paulino SL para a instalación de sistema de calefacción para os habitáculos que carecen deles na Casa de Cultura de Bamio, por un importe total de 8.082,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2022/3994

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso en nome do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, solicitando copia das facturas emitidas nos eventos da semana da mobilidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que poderá consultar o expediente na Intervención Municipal.

PRP2022/3995

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso en nome do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, solicitando información sobre os gastos de protocolo do goberno durante o último ano.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que poderá consultar o expediente na Intervención Municipal.

PRP2022/3996

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do grupo municipal de Vilagarcía en Común, solicitando copia dos informes que deron lugar ás afirmacións realizadas polo goberno municipal durante o mes de agosto, respecto do consumo diario de auga no Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberá consultar este tema coa Empresa concesionaria do Servizo, Espina & Delfín SL.

PRP2022/3997

Dáse conta do escrito presentado polo Concelleiro non adscrito D. David Higinio Oliveira Barreiro, solicitando informes e solicitudes de ocupación de vía pública na Avda. Doutor Tourón durante os meses de maio, xuño e xullo de 2022, entre os portais nº 7 ó 15 e os pares do 8 ó 26.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que poderá conslutar este tema na Policía Local.

Dar conta á Policía Local.

PRP2022/4000

Dáse conta de publicación no DOG de 7 de novembro de 2022 de Resolución de 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se da publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023, correspondentes aos Concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo as do Concello de Vilagarcía de Arousa, as seguintes.

- 22 de maio, festividade de Santa Rita.

- 16 de agosto, festividade de San Roque.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/4001

Dáse conta da Sentenza de 18 de outubro de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, ditada no Recurso de Apelación 4219/2022 (recorrente: LANINVER SHC), que desestima o recurso de apelación interposto polo

Concello de Vilagarcía de Arousa e confirma a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra de 8 de abril de 2022 (Procedemento Ordinario 35/2019). Así mesmo impoñen costas ao Concello co límite de 1.500 € por todos os conceptos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por importe de 1.500,00 €, en concepto de costas, con cargo á partida 929.22699.

PRP2022/4002

Dáse conta da existencia dun erro, no acordo da xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2022, de aprobación do orzamento presentado por Proimaxe, Marketing e Programación SL para a realización da programación web para o proxecto Velaivai", por un importe de 1.050,00 € máis IVE, o que dá un importe total de 1.270,50 € (IVE incluído), figurando no mesmo: "con cargo á liña de actuación e aplicación orzamentaria: EDUSI-AT-99994.1a - 926.22699."

E debendo figurar: con cargo á liña de actuación e aplicación orzamentaria: EDUSI-AT-99994.1A - 926.2269917.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o acordo citado.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/3916

Dáse conta da 2º liquidación de 2022 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2021/2022) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes:

Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (78 prazas): 35.100,00 €

Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán (76 prazas): 34.200,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a súa aprobación, con cargo á partida 323.22611.

PRP2022/3917

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 3º trimestre do ano 2022.

Mes de xullo: 51.861,70 €

Mes de agosto: 53.182,14 €

Mes de setembro: 55.099,00 €

Regularizacións dos períodos 01/04/2022-30/06/2022= -1.547,59

Total nómina neta 3º trimestre: 158.595,25

Total devengado: 158.595,25€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3918

Dáse conta da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2022- para o PROXECTO

ESTIMULACION COGNITIVA E PSICOMOTRIZ (Expdte. 20220113069) por importe de 8.181,00 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3919

Dáse conta da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2022- para o PROXECTO TEATRO FORO (Expdte. 2022011292) por importe de 5.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2022/3675

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2022, presentada por MF ASESORES CIV, SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/3896

Dase conta da comunicacion da FEGAMP da sinatura da Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da rede das aulas CEMIT cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT, cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Considerase preciso seguir traballando conxuntamente no eido da inclusión dixital para asegurar que toda a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital. A liña de traballo iniciada a través da Rede CeMIT, daraselle continuidade e potenciarase cunha modernización da Rede CeMIT e os seus servizos, apoiados no Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025 aprobado polo Consello de Xunta o 23 de decembro de 2021.

O presente Convenio de colaboración ten entre os seus obxectivos o de xestionar a subvención concedida as entidades locais que teñan aulas de referencia co fin de desenvolver actuacións en materia de inclusión e talento dixital que se realicen nas aulas que integran a Rede CeMIT durante a vixencia do Convenio.

O importe máximo subvencionable para cada unha das entidades locais que contén cunha aula de referencia será o seguinte:

- Municipios de 5.000 ou máis habitantes: 15.000 €
- Municipios de menos de 5.000 habitantes: 7.251 €

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo da posibilidade da súa prorroga por un período máximo de catro

anos adicionais, previo acordo expreso das partes asinantes. Trala súa sinatura polas partes, as entidades locais disporán dun prazo de 3 meses para presentar a súa adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT.

De xeito transitorio, para a consideración de aula de referencia no ano 2023, todas as entidades locais que tenan unha aula CeMIT considerada de referencia e soliciten a súa adhesión ao Plan obxecto deste convenio, serán avaliados de conformidade cos criterios empregados no anterior Convenio e a III Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión da subvención e para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da administración local.

No caso das entidades locais que non se adhiran a este Plan, manterán en 2022 de forma transitoria o seu estatus de aula CeMIT (coa consideración de aula de referencia ou non, segundo corresponda) e no caso das aulas de referencia perderán esta condición no ano 2023. Todas elas manterán de oficio a súa condición de aulas CeMIT pero, ao non asinar a adhesión, non contarán cos beneficios do Plan detallados neste convenio. En resumo, a partir do 1 de decembro de 2022 será a data na que se inicie a análise do cumprimento dos niveis de actividade detallados na cláusula 2, apartado 1 deste Convenio para poder optar a consideración de aula de referencia no ano 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a adhesión a este Plan por parte do Concello de Vilagarcía e solicitar informe técnico á Xerencia de Urbanismo para a súa presentación ante a FEGAMP e AMTEGA.

PRP2022/3900

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do comercio e a hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas.

Para a consecución do obxectivo de facer de Vilagarcía unha cidade do século XXI intelixente, sostible e humanizada, e preciso fortalecer a posición do comercio local, asentado sobre marcas fortes e ben situadas.

A aposta polo comercio local e de proximidade require converter o comercio local, os establecementos hostaleiros e os espazos onde se sitúan, en polo atractivo para os potenciais clientes e ao mesmo tempo centro neuráxico e comercial da cidade. Doutra banda, é un reto para o comercio local e de proximidade asumir o novo concepto de compra ofrecendo unha imaxe moderna e atractiva.

Con este fin formulase a presente iniciativa, consistente na convocatoria do CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2022 DO COMERCIO E HOSTALARÍA, nos termos especificados nas bases que se xuntan a presente proposta.

O custo de desenvolvemento da actividade ascende a cantidade de MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.785,00 €).

Establecese os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria aplicación 4311-48100 do orzamento de 2023:

- Primeiro premio de 595 €
- Dous segundos premios de 395 € c/u
- Dous terceiros premios de 200 € c/u

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e convocatoria do Concurso de Decoración do Nadal 2022 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/3938

O Concello de Vilagarcía, continúa a facer unha aposta pola revitalización das zonas comerciais do centro da cidade así como as principais prazas e espazos de encontro dos núcleos periféricos de Carril, Vilaxoán, etc..., favorecendo a un tempo a actividade comercial e a presenza e disfrute dos espazos públicos pola cidadanía.

Un ano máis, durante o tempo de Nadal, a Concellería de Promoción Económica prevé situar en puntos claves da cidade, atendendo á actividade económica e comercial que se desenvolve nos mesmos, uns xardíns efímeros e outros elementos inspirados no tempo do Nadal, compostos esencialmente por céspede, prantas, árbores e elementos ornamentais de madeira e outros materiais ecolóxicos e sustentables de distintos tipos, colocando os mesmos dende o día 27 de novembro de 2022 ata o remate do Nadal.

No mesmo sentido, no marco das competencias propias do artigo 7 da LRBRL en materia de medio ambiente urbano, parques e xardíns, véñense realizando actividades de ambientación de diferentes espazos e rúas do Concello con elementos naturais e reutilizables, árbores e elementos verdes e pezas en madeira, todos os anos en Nadal.

Con este motivo, é preciso adquirir materiais e elementos ornamentais e elementos naturais para a ambientación das zonas comerciais da cidade.

Carecendo o Concello de recursos materiais para levar a cabo a ornamentación e os devanditos xardíns efímeros, solicitáronse orzamentos a varias empresas provedoras

O custo estimado do total dos materiais a adquirir ascende á cantidade a: DEZANOVE MIL CATROCENTOS CORENTA E CATRO, CON SETENTA E CINCO EUROS IVE INCLUIDO. (19.444,75 € IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto relativo á DINAMIZACIÓN NADAL 2022 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, por un importe total de (19.444,75 € IVE incluído), con cargo á partida 4311.22645, coa seguinte desagregación:

- O Piñeiro Garden&home SL. (CIF B36213460). Correspondente á adquisición dos elementos ornamentais que se detallan no orzamento. A contía estimada do gasto ascende a 6.000€ IVE incluído
- TROQUIÑA S.L. (CIF 36268217). Correspondente á adquisición de diversas especies de árbores e prantas, por contía estimada de 2.000€ IVE incluído.
- DIGAMEL AROUSA S.L. (CIF B36284099). Correspondente á adquisición de elementos decorativos, por contía estimada de 1.452,00 € IVE incluído.
- "DIPETRINTA S.L." CIF B94141025, Correspondente á adquisición de material ornamental para ambientar os espazos, por contía estimada 2.992,75 € IVE incluído.
- Asemade, prevese a adquisición de "outros elementos funxibles", necesarios para o acabado e instalación dos xardíns, pendentes de determinar, cuxo custo se estima na contía de 7.000€ IVE incluído.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3939

A aula CEMIT do Concello de vilagarcia ao ter a consideracion de AULA DE REFERENCIA, esta subvencionada, para o ano 2022, cunha cantidade maxima de 15.000 € destinados o

establecemento dun Programa anual de actuacións dirixido a alfabetización e capacitación dixital da poboación.

Levou a cabo un contrato de servizo por ese importe para a realización e impartición dun programa formativo en inclusión e capacitación dixital no Centro de Formación Matosinhos na aula CEMIT no ano 2022 coa empresa de formación KAEME Consultoría e Prevención.

Dende a Área de Emprego dáse conta de que o Concello de Vilagarcía de Arousa presentou a documentación xustificativa, ante a FEGAM, relativa aos gastos da subvención do ano en curso da aula de referencia do Convenio AULAS CEMIT realizados no período correspondente ao ano 2022 nos prazos debidos, non quedando pendente ningunha outra documentación xustificativa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3940

Dase conta da aprobación por parte da Deputación Provincial de Pontevedra da xustificación final do PLAN CONCELLOS 2022 LIÑA 3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

Conclúen que o concello de Vilagarcía achegou a reglamentaria documentación administrativa xustificativa de conformidade coa base vixésimo primeira das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022 e dentro do prazo establecido e que se lle dou a debida publicidade.

Acreditase que o concello fixo difusión do financiamento pola Deputación do obxecto da subvención e que as contratacións efectuadas responderon a necesidades de persoal urxentes e inaprazables.

Comprobouse polo tanto que o importe da axuda librada ascendeu a 303.652,79€ sobre unha axuda concedida de 309.224,41€ , tendo en conta que se detraeu a cantidade de 5.571,62€ polo período de vacancia producido pola renuncia voluntaria dun traballador a o seu contrato sen posibilidade de substitución, mentras que o custo real da actuación (gasto elixible) foi de 338.461,37€, non quedando cantidade pendente de pago por parte da Deputación.

En consecuencia despois do exposto y do informe de fiscalización da Intervención Provincial, a Xefa de Servizo de Coperación da Deputación Provincial informa favorablemente a aprobación da xustificación presentada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/4005

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego Forme 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa MECARCON SL para subministro dunha máquina ingletadora, marca Makita LH1201FL, para o taller de carpentería, por un importe total de 605,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/3973

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música, dáse conta á Xunta de Goberno Local:
Primeiro.- Da documentación remitida á Xefatura Territorial, Servizo Territorial de Inspección Educativa e á Sra. Inspectora da Consellería de Cultura, Educación e O.U. sinalada nos apartados primeiro e segundo deste informe. Achégase copia do DOC, da Programación Xeral Anual, listados, estatísticas e cadros de profesorado para o curso 22-23.

Segundo.- Dos horarios de traballo do profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 22-23 dos dezaseis profesores do centro, tal e como figura no apartado terceiro deste informe, achegándose copia dos mesmos dentro do DOC.

Terceiro.- Da asignación de tarefas de Coordinadores dos cinco Departamentos Didácticos para o curso 22-23 a cinco profesores do centro que conforman, xunto coa Directora e a Xefa de Estudos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e que figuran na PXA do centro para o curso 22-23.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3978

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:

Primeiro.- Que compre proceder á xustificación da subvención do Plan Concellos 2022 correspondente aos GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO V FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2022, segundo Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de data 04/02/2022 polo importe de 30.000,00 € cun orzamento de 30.500,00 €, ao abeiro da Liña 2: Gasto corrente derivado da prestación da realización de actos culturais, deportivos, educativos ou turísticas, etc...do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022).

Segundo.- Que, sobre o orzamento remitido á Deputación provincial, polo importe de 30.500 €. Remítese a seguinte documentación xustificativa:

a) Conta xustificativa do gasto realizado polo importe total de 33.600,35 € desagregado nos seguintes conceptos:

Partida	Concepto	Importe orzamento	Importe xustificación
Gastos de actividades culturais	Cachés, exclusivamente cachés	22.000,00 €	22.540,00 €
Gastos de aloxamento	Hoteis, exclusivamente aloxamento e almorzo	5.000,00 €	6.099,35 €
Estudos e traballos técnicos	Fotografía e Vídeo	3.500,00 €	4.961,00 €
TOTAL		30.500,00 €	33.600,35 €

b) Facturas e xustificantes de pago polo importe de 33.600,35 € para a xustificación da subvención concedida.

c) Acordos de aprobación pola Xunta de Goberno Local e Pleno do Concello das facturas remitidas .

d) Certificación da Secretaria do Concello en relación á toma de coñecemento desta subvención polo Pleno da Corporación.

Terceiro.- Ademais da documentación sinalada no apartado segundo de este informe, a xustificación da subvención inclúe a seguinte documentación:

A. Certificado expedido pola Secretaria Xeral no que se fai constar:

a) Que segundo a documentación que obra no expediente, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada.

b) Que os xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa se corresponden cos gastos que figuran no acordo de concesión da subvención e que se procedeu ao recoñecemento da

obriga de gasto correspondente, cumprindo a finalidade para a que se concedeu a subvención.

c) Que os correspondentes xustificantes de gasto constan no expediente administrativo e que están a disposición da Deputación para o seu examen se así o solicitase.

d) Que, segundo sinala o informe da técnica municipal, se lle deu difusión á subvención obtida, polo que se cumpriron as obrigas de difusión que esixen as bases.

B. Documentación relativa á difusión da subvención concedida.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A aprobación, se procede, da Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO V FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2022 polo importe total de 33.600,35 € sendo o importe concedido de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.500,00 €, ao abeiro da Liña 2: Gasto corrente derivado da prestación da realización de actos culturais, deportivos, educativos ou turísticas, etc...do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022) segundo o disposto na convocatoria.

Segundo.- Autorizar a remisión da documentación correspondente sinalada nos apartados segundo e terceiro deste informe para á xustificación de dita subvención perante a Deputación provincial.

PRP2022/4007

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales) para o subministro de material instrumental funxible para cubrir as necesidades das distintas especialidades da Escola Municipal de Música, por un importe total de 301,83 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/3926

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza unha actividade denominada MERCACHEF. Mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribuen ao reforzo dos contidos educativos relacionados coa adquisición de hábitos saudables e consumo responsable e de proximidade, realizadas no contorno da Praza de Abastos, dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período vacacional de Nadal, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

Agora máis que nunca é necesario proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar el laboral, así como que os máis novos podan desfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquedanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

Os obxectivos do programa son:

Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período

vacacional de nadal e previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores. Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores da nosa contorna propiciando a adquisición de hábitos de consumo sans para ter unha alimentación saudable. Favorecer o coñecemento da produción ecolóxica dos alimentos así como as súas propiedades nutricionais, orixe etc, da man dos/as propios/cultivadores/as.

Potenciar o consumo de alimentos frescos introducindo un compoñente educativo, no grupo de participantes, sobre as vantaxas de comer san e achegarse ao mundo da produción do comercio local e de proximidade.

O servizo está dirixido a 25 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2014, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Das 25 prazas, 5 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello. Terán acceso directo ao servizo, as unidades familiares, nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero

O/a solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa

Desenvolverase a semana do 26 ao 30 de decembro e horario de 10.00 a 13.00 h na Praza de Abastos e seminario do Auditorio.

Carecendo o Concello de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento a varias empresas especializadas:

O Orzamento total ascende á cantidade de 2.982,65 € (IVE ENGADIDO) e se desglosa do seguinte xeito:

Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento do programa: 834,9 € (ive do 21% engadido)

Para a realización dos tres obradoiros de cociña contemplados dentro do programa: 2.147,75 € (ive do 21% engadido).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobación das bases públicas que rexerán o proceso de inscrición e confirmación de prazas na actividade Mercachef 22, promovida pola Concellería de Xuventude.

2. Aprobación do orzamento, por un importe total de 2.147,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, así como as seguintes adxudicacións:

- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento do programa , por importe de 834,9 € (ive do 21% engadido) á empresa BARAFUNDA S.L.

- Para a realización dos tres obradoiros de cociña contemplados dentro do programa: 2.147,75 € (ive do 21% engadido) á empresa Eirado da Leña S.L.

PRP2022/3928

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza un Campamento Urbano de Nadal co obxectivo de proporcionar unha alternativa de conciliación da vida familiar e laboral así coma una opción de ocio saudable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribuen ao reforzo dos contidos educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período vacacional de Nadal, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

Ante a situación xerada pola crise do Covid 19, consideramos necesaria unha volta a unha relativa normalidade, seguindo sempre as directrices e os protocolos a adoptar que nos veñen recomendados dende o Ministerio de Sanidade co obxecto de que as distintas actividades se realicen dende o máximo de seguridade e prevención de contaxios. Agora máis que nunca é necesario proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar el laboral, así como que os máis novos podan desfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a

través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquiredanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

Os obxectivos do servizo son:

Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal

Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores

Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias

Facilitar o desfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores

Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo

Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súa creatividade e imaxinación

Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas

Destinatarios/as e requisitos de acceso:

O servizo está dirixido a 30 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2018, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Das 30 prazas, 6 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello.

Desenvolverase os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro no Ceip de A Escardia

O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h. Carecendo o Concello de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento a varias empresas especializadas.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

- Contratación de monitoraxe titulado
- Adopción dos protocolos e medidas de protección e de prevención do COVID 19 tal e como veñen establecidos por lei, adaptando os mesmos á medida de que estos vaian sendo ampliados ou modificados e suspendendo determinadas actividades se as autoridades, seguindo a evolución da pandemia, así o aconsellan.
- Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobación das bases públicas que rexerán o proceso de inscrición e confirmación de prazas no servizo de Campamento Urbano de Nadal promovido pola Concellería de Xuventude

2. Aprobación do orzamento total de 4.159,75 € (IVE ENGADIDO), con cargo á partida 2314.22610, así como as seguintes adxudicacións:

- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento do programa , por importe de 3.101€ (ive do 10% engadido) Órbita Infantil SC.
- Para a limpeza e material de limpeza, por importe de 1.058,75 (ive do 21% engadido) á empresa Clece S.A.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/3750

O 22 de Outubro de 2020, recibíuse notificación da resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se concedía ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda para a recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, en virtude da convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia o 13 de maio de 2020 (Orde do 5 de maio de 2020), código de procedemento MT975I.

Para levar a cabo a implantación da recollida separada da fracción orgánica no sector da hostalaría e alimentación, considérase necesario a adquisición de caldeiros e bolsas compostables de diferentes tamaños, en función das necesidades de cada establecemento, co fin de facilitar a separación desta fracción. Os gastos desta adquisición irían a cargo do Concello por xa ter finalizado o prazo de execución de ditas axudas.

Por este motivo, solicitouse orzamento de contedores de 25L (30 ud), 60L (55 ud) e 90L (50 ud) a tres empresas especializadas neste tipo de subministracións, presentándose os seguintes:

	25L (30 ud)	60L (55 ud)	90L (50 ud)
BAYGAR, S.L	224,7	2371,6	2400
ID WASTE, S.L	279	2268,75	Non dispón
ALQUIENVAS, S.L	255	1375	Non dispón

No caso do tamaño de 25L, a opción economicamente máis vantaxosa sería a de BAYGAR, S.L.

No caso do tamaño de 60L, queda descartada a opción de ALQUIENVAS, S.L por criterios de calidade e non cumprir cas medidas mínimas necesarias (670cm), resultando a de ID WASTE, S.L a opción economicamente máis vantaxosa.

En canto ao de 90L, tras consultar con varias empresas, resultou BAYGAR, S.L. a única que ofertou un modelo deste tamaño.

Do mesmo xeito, solicitouse orzamento de bolsas compostables de 25-30L (5000 ud), 60L (5000 ud) e 100-120L (4000 ud), a varias empresas especializadas neste tipo de subministros, presentándose os seguintes:

	25-30L (5000 ud)	60L (5000 ud)	100-120L (4000 ud)
BAYGAR, S.L	875	1750	1600
ID WASTE, S.L	Non dispón	Non dispón	1611,60
ECO-REICLAT, S.L	490	Non dispón	1240
VERMICÁN, S.L	900	Non dispón	1640

No caso do tamaño de 25-30L, a opción economicamente máis ventaxosa sería a de ECO-REICLAT, S.L.

No caso do de 60L, a única empresa que dispón de modelos de bolsas deste tamaño é BAYGAR, S.L

En canto ao de 100-120L, a opción máis económica sería a de ECO-REICLAT, S.L, pero as medidas do modelo que ofertan non se poden utilizar por non axustarse ao contedor previsto e, polo tanto, non son viables, polo que oferta que se axusta á solicitude e mais económica resultaría a oferta de BAYGAR, S.L

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Adxudicar á empresa BAYGAR, S.L., con CIF B-12019659 a compra de:
- 30 unidades de cubos de 25-30L (224,7 €),
- 50 unidades de contedores de 90L (2400 €)
- 5000 unidades de bolsas compostables de 60L (1 750 €)
- 4000 unidades de bolsas compostables de 120L (1 600€)

Por un custe total de 5 974,7€ sen IVE ao que habería que sumarlle 155€ en concepto de

transporte, facendo un total de 6 129,7€ sen IVE, 1287,24€ en concepto de IVE e 7 416,94€ co IVE incluído.

- Adxudicar a empresa ID WASTE, S.L., con CIF B55160071, a compra de:

- 55 unidades de contedores de 60L por un custe total de 2268,75€ sen IVE ao que habería que sumarlle 45€ en concepto de transporte, facendo un total de 2313,75€ sen IVE, 485,88€ en concepto de IVE e 2 799,64€ co IVE incluído.

- Adxudicar á empresa ECO-RECICLAT, S.L., con CIF B 60205879, a compra de:

- 5 000 unidades de bolsas compostables de 30L por un custe total de 490€ sen IVE ao que habería que sumarlle 102,9€ en concepto de IVE, facendo un total de 592,9€ co IVE incluído.

ACHEGA MUNICIPAL: 7 416,94+ 2 799,64+ 592,9 = 10 809,48€, con cargo á partida orzamentaria 163.22700.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/3952

Con data 29 de setembro recibíuse no Concello notificación da Secretaría Xeral de Igualdade na que se comunica a modificación da resolución de concesión da subvención ao CIM para o ano 2021, expte SI427B2021/41-0.

Esta modificación se realiza por minoración do importe da axuda otorgada de 45.000€ da que se deu conta a XGL do 5 de xullo de 2021.

A minoración se produce, por non terse abonada dentro do ano natural a factura correspondente ao mes de novembro de 2021 do servizo de asesoramento xurídico. Esta factura foi abonada o 4 de febreiro de 2022.

Tendo en conta o anterior:

A axuda definitiva queda en 44.560,38€ producíndose polo tanto unha minoración de 439,62€.

Apróbase o recoñecemento de obriga e proposta de pagamento de liquidación final da axuda concedida para o 2021 por importe de 14.560,38€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3966

Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022, recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25002,84€ €. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023. O 25N conmemorase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.

A Área de Igualdade vai desenvolver a campaña Vilagarcía en Negro como nos anos anteriores, para a que se presentan os seguintes orzamentos para a súa aprobación

Orzáméntase tamén unha cantidade para os gastos derivados de traballos que desenvolvan

outros departamentos municipais que poidan xerar gasto. O que non se gaste, de selo caso, solicitarémos sexa reintegrado á partida

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos para a realización dos actos en conmemoración do 25N - Campaña Vilagarcía en Negro - Día Internacional contra a Violencia de Xénero, por un importe total de 2.223,92 €, con cargo á partida 2312.22610, coa seguinte desagregación:

VIÑAS PUBLICIDADE SL	Distribución e colocación cartelería en establecementos	211,75 €
BAÑOS PRINT SL	Impresión cartaces	698,17 €
LIBRERÍA FOLLAS NOVAS AROUSA SL	Adquisición de 40 exemplares do libro: Manifesto 25. 30 voces por la eliminación de la violencia contra la mujer	580,00 €
CINE CLUB ADEGA	Proxección e aluguer película "20th Century Women"	484,00 €
	Gastos varios x encargas e outros departamentos	250,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SPAD

PRP2022/4140

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2022 de aprobación do convenio de colaboración asinado entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa para actividades de prevención de condutas aditivas, polo que o Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (SPAD) levará a cabo as actividades de prevención de condutas aditivas, figurando no mesmo:

"

Os concellos aportarán anualmente a esta programación as cantidades seguintes:

- Cambados: 7.150,00 €
- Meis: 2.800,00 €
- Ribadumia: 2.000,00 €
- Vilagarcía de Arousa: 7.800,00 €

E debendo figurar:

Os concellos aportarán anualmente a esta programación as cantidades seguintes:

- Cambados: 7.150,00 €
- Meis: 2.000,00 €
- Ribadumia: 2.800,00 €
- Vilagarcía de Arousa: 7.800,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

Dar conta ao Negociado de Rendas aos efectos da emisión da correspondente liquidación.

CULTURA

PRP2022/3954

Vista a solicitude de D. Iago Regueiro Díaz, en representación de Etiqueta Negra Producciones SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 28 de decembro de 2022, durante todo o día, para a representación do espectáculo de comedia "ESFINTER", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e

que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada ÚNICO DE 15 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2022/3963

Vista a solicitude de D. José Álvarez Domínguez, en representación de Asociación Coro Liceo de Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 26 de novembro de 2022, para a realización do Concerto de clausura do XL Aniversario do Coro Liceo de Vilagarcía "Fortuna Imperatrix Mundi", acompañados pola "Wind Ensemble Banda Unión Musical de Meaño", baixo a dirección de Dona Maria Domínguez e D. Diego Lorente, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de , Zona A e B: 8€ e Zona C: 7€ , venda que e será feita por persoal da Asociación o venres 25 de novembro de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 e no propio día do Concerto na billeteira do Auditorio en horario de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 21:00 h. A recadación obtida pola venda de entradas será para o solicitante.

Concédesese a impresión de cartelería e entradas.

